



**RESOLUCIÓN DA PRESIDENTA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA
POLA QUE SE DECLARA DESERTA A CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS
DE ESTADÍA NA CASA DE VELÁZQUEZ EN MADRID.**

Por Resolución do 14 de xuño de 2018, convócanse dúas bolsas de estadía na Casa de Velázquez en Madrid, conforme ás bases reguladoras que rexían a convocatoria publicada no DOG 124, do 29 de xuño de 2018.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, o pasado 30 de xullo, o órgano instructor do procedemento constatou que non se presentara ningunha solicitude, polo que

RESOLVO

Declarar deserta a convocatoria de dúas bolsas de estadía na Casa de Velázquez en Madrid pola falta de candidatos presentados.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición perante o presidente do Consello da Cultura Galega no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018

A Presidenta



Rosario Álvarez Blanco